



ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO "CAMPAMENTO DE VERÁN DO CONCELLO DE TUI PARA O ANO 2017", APERTURA SOBRE Nº 2. PROPOSICIÓN ECONÓMICA/CRITERIOS VALORABLES MEDIANTE APLICACIÓN DUNHA FÓRMULA.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Tui, ás dez horas e corenta e seis minutos do día 12 de xuño de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.
Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.
Diego Fernández López, técnico municipal.
Laureano Alonso Álvarez, concelleiro delegado de Deportes.

Secretario:

José Ángel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

Na sesión anterior celebrada neste mesmo día ás dez horas, a Mesa de contratación acorda por unanimidade:

Acepta-la valoración emitida polo Animador Deportivo do Concello de Tui, no informe relativo ao proxecto de prestación do servizo de Campamento de verán 2017 do Concello de Tui, de xeito que se outorga a puntuación total de 28 puntos á empresa "Axouxere Deporte e Animación S.L".

Finalizada a sesión anterior se procede pola Mesa de Contratación á apertura do sobre nº 2- Criterios Cuantificables de Forma Automática–Proposición Económica/Criterios valorables mediante a aplicación dunha fórmula.", indicándose os aspectos relativos a dita fase do procedemento en cuanto a orzamento de licitación e criterios de puntuación:

A presente licitación ten un orzamento estimado de:

Orzamento base: 16.272,73€
IVE 10%: 1.627,27€
Orzamento total: 17.900,00€

Os criterios de adjudicación establecidos na licitación para o sobre nº 2 son:

Oferta económica: Ata un máximo de 30 puntos.

Aumento de número de prazas en cada quincena, ata un máximo de 20 puntos.

Aumento no horario do campamento entre as 08:00 e as 15:00 horas de luns a venres, ata un máximo de 20 puntos.

Unha vez indicado o anterior, a Mesa de Contratación indica que a oferta económica presentada pola empresa "Axouxere Deporte e Animación, S.L.", ofrece:

Oferta económica: Base: 15.800,00€. IVE: 1.580,00€. Total: 17.380,00€.

Aumento de número de prazas en cada quincena: 5 prazas

Aumento no horario do campamento entre as 08:00 e as 15:00 horas de luns a venres: 0,25 horas (15 min).

Visto o anterior, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

1º.- Admitir a proposta económica presentada pola empresa "Axouxere Deporte e Animación S.L.

2º.-Outorgar a seguinte puntuación á vista da proposta contida no sobre 2:

*-Oferta económica (baixa no prezo do contrato): **30 puntos**.

*-Aumento do nº de prazas en cada quincena: **20 puntos**.

*-Aumento no horario do campamento entre as 8:00 e as 15:00 horas de luns a venres: **0 puntos**. Visto que de conformidade co disposto na cláusula 10.4 do prego establece que os licitadores poderán ofertar o aumento de horario mediante fraccións mínimas de media hora. Non serán obxecto de valoración as inferiores a esta fracción.

3º.- A puntuación total acada pola referida empresa no referido contrato será:

- Puntuación sobre Nº3. Proxecto de prestación de servizo: **28 puntos**.

- Puntuación sobre Nº2. Oferta económica e criterios cuantificables de forma automática: **50 puntos**.

Puntuación total: 78 puntos.

4º.- Polo exposto anteriormente, a Mesa de Contratación acorda **propoñer á empresa "Axouxe Deporte e Animación, S.L."**, CIF B32386625, con enderezo en rúa Calvario nº 25-1º, 15200-Noia (A Coruña), que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como documentación acreditativa dos aspectos presentados segundo a declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro e prego de cláusulas administrativas aprobado.

De seguido e sendo as dez horas e cincuenta minutos exténdese a presente acta, que, trala súa lectura se asina por tódolos asistentes, do que eu secretario, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O PRESIDENTE

Asdo.: Enrique Cabaleiro González

O SECRETARIO DA MESA

Asdo.: José Ángel Fernández Rodríguez

VOGAIS:

O INTERVENTOR MUNICIPAL

Asdo.: Aitor Iglesias Monzón

A SECRETARIA MUNICIPAL

Asdo.: Pilar Fernández Alonso

O TÉCNICO MUNICIPAL

Asdo.: Diego López Fernández

O CONCELEIRO DE DEPORTES

Asdo.: Laureano Alonso Álvarez